

## PREZOS

<b>MATRÍCULA UNIFAMILIAR</b> (só alumnos/as de novo ingreso, unha soa vez dentro do ano natural)	Empadroados/as	Non empadroados/as
	75 €	90 €

### COTAS ANUAIS

COTA DE SOCIO/A (mínimo, unha por familia), mínimo .....	20 €
O pagamento desta cota farase efectiva no primeiro trimestre do ano	
SEGURO ESCOLAR (obrigatorio para todo o alumnado):.....	10 €

### COTAS MENSUAIS

MÚSICA EN FAMILIA.....	30 €
MÚSICA E MOVEMENTO.....	22 €
LINGUAXE MUSICAL .....	25 €

INSTRUMENTO	Empadroados/as	Non empadroados/as
Vento Madeira, Vento Metal, Corda e Percusión	50 €	55 €
Piano, Guitarra e Instrumentos Tradicionais	55 €	62 €

LINGUAXE MUSICAL + ½ h INSTRUMENTO	Empadroados/as	Non empadroados/as
Vento Madeira, Vento Metal, Corda e Percusión	55 €	61 €
Piano, Guitarra e Instrumentos Tradicionais	61 €	67 €

INFORMÁTICA MUSICAL – NOVAS TECNOLOXÍAS .....	22 €
EDUCACIÓN AUDITIVA E VOCAL (CORO INFANTIL)* .....	8 €
CONXUNTO CORAL* .....	10 €
GRUPO TRADICIONAL .....	10 €
BAILE TRADICIONAL GALEGO .....	15 €

\* Esta materia non está suxeita a descontos

### DESCONTOS

- Desconto familiar .....
- Desconto multidisciplinar .....
- Desconto banda .....
- Desconto tradicional .....

### MATRICULACIÓN

O prazo ordinario de matrícula comprenderá desde o **LUNS 3 de XUÑO** até o **LUNS 17 de XUÑO de 2019**, ambos inclusive, en horario de luns a venres de **16:00 a 21:00 h** na recepción da Escola. No momento de formalizar a matrícula escollerase tres instrumentos e o horario das disciplinas colectivas por orde de preferencia. As prazas limitadas de instrumento e os horarios serán asignados por orde de recepción de matrícula debidamente cumprimentada. Terán preferencia os/as alumnos/as xa matriculados/as na Escola e os empadroados/as no Concello de Cambre, tanto na selección de instrumento como de horario.

O **MÉRCORES 26 de XUÑO de 2019** haberá unha reunión no Salón de Actos da Escola, de **asistencia obrigatoria para todos/as os/as alumnos/as matriculados/as**, para confirmar as disciplinas e horarios do curso 2019/2020. Será ás **19:30 h** para as materias de *Música en Familia* e *Música e Movemento* e ás **20:30 h** para as demais disciplinas. Haberá un prazo extraordinario de matrícula, a principios de setembro, para as disciplinas que queden prazas vacantes. O inicio do curso será o **LUNS 9 de setembro de 2.019**.

# ESCOLA DE MÚSICA SEMENTEIRA DE CAMBRE

A Escola de Música “Sementeira” de Cambre inicia en setembro o seu curso escolar 2019 – 2020. Son 40 intensos anos de actividade en que a súa principal finalidade é a formación musical da poboación de Cambre e arredores. Formación musical que se complementa coa participación de todo o alumnado en distintas audicións didácticas ao longo do ano e en dous concertos de fin de curso a finais de xuño.

A Escola está xestionada pola Asociación Sementeira Cambre (entidade sen fin de lucro) conta con financiamento principal do Concello de Cambre.

# CURSO 2019 2020

O Souto, 8 baixo. Sigrás. 15181.  
Cambre - A Coruña.

[www.sementeiracambre.org](http://www.sementeiracambre.org)

981 655 441

 SEMENTEIRA CAMBRE



# MATERIAS FORMATIVAS

## MÚSICA EN FAMILIA:

Para nenos e nenas de 1, 2 e 3 anos (nacidos/as no ano 2.016, 2.017 e 2.018). Durante 50 minutos á semana acercaremos a música aos máis pequenos/as. Os/as alumnos/as deberán vir acompañados/as como mínimo dunha persoa de referencia. Durante os tres primeiros anos de vida adquirimos o máximo nivel de capacidade para discriminar sons, tanto musicais como os referidos á linguaxe. É o momento idóneo para desenvolver o potencial musical do

bebé ofrecéndolles un entorno musical rico e variado por medio de xogos, bailes, cantos, etc. A través da música, os nenos e as nenas descubren o mundo que lles rodea, aprenden a relacionarse e comunicarse, melloran a capacidade de atención, desenvolven o ouvido, a memoria e a psicomotricidade. Esta actividade convértese nunha experiencia que une a pais/nais e fillos/as.

## MÚSICA E MOVEMENTO:

Iniciación á música para nenos e nenas dividido en dous grupos: de 4 – 5 anos e 6 – 7 anos criterio (nacidos/as no 2015-2014 e 2013-2012, respectivamente. Clases de 1 hora á semana. **Impartirase un grupo de cada idade en inglés.** Mediante o xogo, acércanse os distintos parámetros musicais: a altura, o tempo, a intensidade e os timbres. Ao longo do ano os/as alumnos/as asis-

ten na Escola a concertos didáctico – informativos onde coñecen as características e funcionamento de cada un dos instrumentos.

## LINGUAXE MUSICAL:

- Para alumnos/as a partir de 8 anos, paralelamente á formación instrumental (2 días semanais, 1 hora cada día). Consta dun ciclo de 4 anos tendo o último a opción dun curso específico de preparación de acceso ao conservatorio e outro ciclo de 2 anos de perfeccionamento.
- Para adultos/as, tamén á vez que o instrumento (1 día á semana, 1 ½ hora)

## BAILE TRADICIONAL GALEGO:

Distribuído en dúas franxas de idade: de 4 a 8 anos e de 9 a 12 anos (1 día á semana, 1 hora). Preténdese completar a formación das crianzas sobre o folclore galego, desenvolvendo a psicomotricidade e os ámbitos cognitivos, afectivos e sociais

## FORMACIÓN INSTRUMENTAL:

A partir dos 8 anos, paralelamente á linguaxe musical (½ hora ou 1 hora individual á semana).

- |                  |   |
|------------------|---|
| VENTO<br>MADEIRA | • ÓBOE e FAGOT  |
|                  | • FRAUTA (prazas limitadas)   |
|                  | • CLARINETE   |
| VENTO<br>METAL   | • SAXOFÓN (prazas limitadas)  |
|                  | • TROMPETA  |
|                  | • TROMPA  |
|                  | • TROMBÓN   |
|                  | • BOMBARDINO  |
| CORDA            | • TUBA  |
|                  | • VIOLONCELLO e CONTRABAIXO   |
|                  | • PERCUSIÓN (prazas limitadas).<br><i>Batería, timbais, xilófono, marimba, lira, multipercusión, etc)</i> |
|                  | • PIANO (prazas limitadas)  |
|                  | • GUITARRA (prazas limitadas)   |
|                  | • INSTRUMENTOS TRADICIONAIS: GAITA e PERCUSIÓN TRADICIONAL E ZANFONA (prazas limitadas)                   |



Todo o alumnado poderá formar parte, sempre baixo o asesoramento do/a profesor/a correspondente, das formacións instrumentais da Asociación: Banda Xuvenil • Banda “Sementeira” • Grupo de Instrumentos Tradicionais

## INFORMÁTICA MUSICAL NOVAS TECNOLOXÍAS:

Orientado a alumnos/as que teñan superado o primeiro ciclo de linguaxe musical (1 día á semana 1 hora).

O obxectivo desta materia é coñecer o funcionamento das principais aplicacións informáticas destinadas ao ámbito musical, como son os editores de partituras, os secuenciadores e os editores de audio dixital.

## EDUCACIÓN AUDITIVA E VOCAL (CORO INFANTIL):

A partir dos 8 anos e até os 14, paralelamente á linguaxe musical (1 día á semana, 1 hora).

Ten como finalidade potenciar a estimulación auditiva do/a alumno/a e desenvolver o traballo vocal en grupo recoñecendo os elementos básicos da interpretación musical.

## CONXUNTO CORAL:

A partir de 14 anos e sen necesidade de ter coñecementos musicais (1 ½ hora á semana).

Nesta materia traballarase técnica vocal e repertorio de diferentes estilos a dúas e catro voces, formando parte do **CORO** da Escola.